

Pregón de Manuel Portas da Feira do libro de Santiago

1 de maio de 2015

Sr. Alcalde,

Sr. Conselleiro de Cultura e Educación,

Sra. Presidenta da Federación de Librarías de Galicia,

Sra. Concelleira de Cultura,

Sres. Concelleiros,

Sr. Vice-Presidente da Federación de Librarías,

autoridades, amigos e amigas dos libros que tivestes a ben estar aquí presentes.

O libro sempre será o libro. Permítaseme comezar con esta afirmación tautolóxica. Ese obxecto con recendo xenuíno e difícil de definir que nos abre os ollos, a imaxinación e a intelixencia ao saber que transmite o científico, a ensaísta ou a pensadora, á creatividade con que nos fecunda o poeta, con que nos enlea a novelista, o dramaturgo, que nos insinúa a vida através dese espello cóncavo que é a particular óptica de quen o escribiu, ese libro, digo, ese obxecto, dificilmente poderá ser substituído nunca na súa esencia.

Desde o IV milenio antes da nosa era, en que signos ideográficos e mnemotécnicos serviron para plasmar informacións rudimentares, até os caracteres gráficos dos modernos libros electrónicos, a escrita sempre foi o soporte básico que nos axudou a medrar como seres humanos, que nos permitiu constituírmonos en sociedades intelixentes sobre os piares do pensamento daqueles e daquelas que nos precederon. O formato básico, agoirado xa nas tabelas sumerias e nos rolos de papiro exipcios, foi finalmente convertido en códice, en páxinas atadas, que outra cousa non son os libros de papel. Por iso, o libro sempre será o libro, e a nosa perdurabilidade como Persoas (Persoas, en maiúscula) estará sempre vencellada a el. Por iso tamén, nese seu cerne de notario espiritual, o libro é se cadra o obxecto máis parecido ao ser humano.

Cando Antonio Fernández Maira, amigo de meu, e moito máis aínda amigo dos libros, chamou para me ofrecer a posibilidade de me dirixir a vós neste acto, para que negalo, sentín gratitude polo recoñecemento implícito da proposta –vanitas, vanitatis de un que se sente pensador e escritor a un tempo– e, acto seguido, invadiume a responsabilidade de non me deixar arrastrar por esa tendencia enfermiza a novelar, a converter en fantasía, en literatura, todo o que cae nas miñas mans.

Pensei daquela en qué tipo de texto podería ser máis acaído para este pregón. Podería facer un discurso máis ou menos lírico, mirando a realidade desde unha requitada torre de marfín, como facían os modernistas, un discurso cheo de metáforas máis ou menos enxeñosas, evitando referencias incómodas nun día de festa como é no que nos encontramos. Unha plática ao mesmo tempo orixinal e inocua, tapando os ollos á realidade acuciente que envolve hoxe o mundo do libro. Un sermón politicamente correcto, vaia. Á media hora habíades esquecelo. Mais tamén podería optar por un prisma radicalmente contrario: unha arenga reivindicativa ao uso, aproveitando a presenza das autoridades que nos honran neste acto. E non faltarían razóns para facelo. Mais seguro que o que dixese tamén o íades esquecer pouco despois, porque nada novo diría que non dixesen antes persoas máis autorizadas ca min. Así pois, in viam mediam veritatis. Optei polo camiño do medio.

O libro sempre será o libro, repito. Hoxe en día gozamos de moitas outras canles de transmisión cultural. Algunhas, as que asentán na imaxe, resultan especialmente efectivas no seu poder de comunicación social, nas realizacións artísticas tamén. Mais o exercicio mental de transcribir a letra en realidade, de converter as palabras en imaxes tridimensionais, en cores, en olores, en historias e sentimentos, en pensamento, fortalece a nosa capacidade intelectual como individuos, a potencialidade interpretativa do mundo que nos rodea. Fainos máis sabios, máis cultos. Fainos máis intelixentes.

Non. O libro non compite, non debe competir, con outras canles máis recentes de transmisión das ideas e da creatividade. O libro é e será sempre a base. No principio foi o verbo, dicía a Biblia (neutro plural, os libros). O inimigo do libro, non nos trabuquemos, non é o cinema –un formato narrativo máis–, nin a televisión. Se me apuran, nin sequera o son os trebellos informáticos en que moitos e moitas de nós perdemos tanto tempo

todos os días. O inimigo dos libros, como o das linguas en que estes se escriben, é a incultura, e máis aínda a inculturización, entendendo este palabra como o proceso, consciente ou involuntario, que favorece a desnutrición deste formato cultural básico e dos valores que através del se canalizan.

Fronte aos que preconizan o supremo valor da economía e dos sistemas de produción para ordenar a vida das sociedades, fronte aos que defenden o ser humano como unha simple peza desa engrenaxe produtiva, o libro simboliza a concepción humana e humanista da nosa existencia, a que coloca a persoa no centro da vida.

Xa me saíu a vea crítica.

Os libros e as linguas que neles se escriben, diciamos, as culturas que nelas se expresan... Un ama e defende os libros no seu conxunto, por principio, e se vivise na Alemaña, defendería en primeiro lugar o libro que se escribe en alemán, a cultura que se expresa na lingua de Goethe e de Günter Grass. Mais como vivo e escribo neste país, defendo prioritariamente o libro escrito en galego, a cultura que se expresa no idioma de Rosalía e Castelao. Así de sinxelo, sen necesidade de maiores pinchacarneiros ideolóxicos. Defendemos que se beba o leite de Feiraco e non o que nos chega da Normandía. Raro sería vivir en Munich e dedicar os esforzos a defender o libro que se expresa en inglés. Así de raro resulta vivir neste país e non defender e apoiar o libro que se escribe no noso idioma. Porque defender a escrita en galego é defender unha maneira propia, xenuína, de interpretar o mundo. Nin mellor, nin peor que calquera outra. Simplemente diferente.

Coa palabra donicela, ese mustélido agresivo que tanto pode pillar ratos como comer ovos e matar galiñas, os galegos parece que nos achegamos a el con cautela, con prudencia respeitosa, e acariñámoslle o lombo ao pronunciala: unha dona, unha doncela, co diminutivo, unha donosiña, unha denosiña. Máis que unha palabra parece unha revencia submisiva e cortés. En castelán, pola súa banda, utilízase un termo con connotacións negativas tanto nun dos significados da súa palabra base como na suxestión fónica do sufixo máis despectivo que coñezo: comadreja. Donicela, donosiña / comadreja. O mesmo animal, dúas maneiras subxectivas de se achegar a el, de interpretar a mesma realidade. Acaso unha é mellor que a outra? Non. Simplemente, son diferentes. Por

iso eu agardo que neste país se siga acariñando o lombo da donicela coa duzura desta palabra e que nos seus libros os escritores, as escritoras, sigan a mentala así.

Mais se o convite que me fixo a Federación de Librarías por medio de Antonio me resultou máis pracenteiro aínda foi por se tratar da Feira do Libro de Santiago, a cidade á que fiquei vencellado física e sentimentalmente, cando aos 17 anos vin estudar á súa Universidade.

Ademais da súa dimensión política, Santiago é, antes que nada, a capital espiritual de Galiza, e por ende do libro galego. Porque é certo que actualmente as grandes editoriais teñen a súa sede fóra da cidade, mais aquí está a esencia cultural e a memoria histórica da galeguidade e do galeguismo. Aquí, mediado o século XII, foi composto o Códice Calixtino, de cuxa existencia moita xente tivo a súa primeira noticia, tristemente non pola súa indiscutíbel importancia, polo seu valor intrínseco e simbólico de compostelanidade, senón polo seu roubo. Aquí, en Santiago, cravou as súas raiceiras o máis granado dos nosos primeiros trovadores, alá polos mediados do século XIII, Pero Meogo, Airas Nunes, Joam Airas, Juiám Bolseiro, Bernal de Bonaval, que elevaron o galego á categoría de primeira lingua literaria peninsular. Por Santiago, cidade universitaria, pasaron os homes e as mulleres que no XIX abriron o camiño para a recuperación da dignidade do país. Aquí tivo a súa sede o Seminario de Estudos Galegos, que converteu o galego en lingua da investigación e a ciencia coa publicación dos seus Arquivos, e aquí recalou o proxecto editorial Nós, o máis ambicioso dos promovidos a comezos do pasado século, Sr. Alcalde, da man do daquela o seu antecesor, Ánxel Casal. E aquí sentaron cátedra D. Antonio Fraguas, e D. Ricardo Carballo Calero, e D. Ramón Otero Pedraio, aquel, Sr. Conselleiro, que simbolizou o amor ao país na súa novela Arredor de si cun mapa de Fontán percorrido coa polpa dos dedos.

Mais o organigrama do libro non se reduce só a quen escribe e a quen edita. Para que o ciclo se complete, para que o lector, a lectora, último elo da cadea, goce desa obra escrita e editada, é imprescindíbel o fío condutor do libreiro. Sen librarías que cumpran esta función mediadora o libro pasa a ser unha simple mercadoría máis, como os iugores nos andeis dos grandes hipermercados, e o lector devén nun simple número, nun consumidor anónimo.

Non. O libreiro, a libreira, non é un comerciante máis, que só mide o seu labor polas entradas e saídas na caixa rexistradora do seu negocio. O libreiro, o bo libreiro, a boa libreira, é o profesional que informa o lector, é quen o axuda, quen o aconsella. E se non ten a obra desexada moléstase en buscala, en reclamarlla ao distribuidor, á editorial. Analizado en termos empresariais, o libreiro, a libreira, é dos máis próximos dos comerciantes de proximidade, o que ningunha grande área comercial poderá substituír nunca. Lembro a Xesús Couceiro, na súa librería de República de El Salvador, cunha paciencia de santo Job, dedicando horas a atender a miña curiosidade, a miña ambición de estudante, só comparábel á miña ignorancia de novato das nosas letras. Ese mesmo papel que agora desenvolve Xosé Antón Pedreira e tantos outros entusiastas libreiros e libreiras, como os que participan nesta feira, que contra vento e marea manteñen abertos os seus locais.

Mais o sector do libro precisa urxentemente renovación, adaptación ás vertixinosas mudanzas sociolóxicas que se derivan dos avances tecnolóxicos e dos profundos cambios nos hábitos de ocio e consumo que deles se derivan. Nun mundo en permanente transformación, é mester pór en marcha formatos novidosos que sirvan para engaiolar, fidelizar e mesmo incrementar o público lector. Nese proceso, os libreiros, as libreiras, teñen un papel fundamental. Fronte á progresiva desaparición de librarías (dúas cada día no Estado Español no ano 2014), aquí no país contamos con exemplos de novos proxectos esperanzadores. Mais o palleiro non se fai sen palla e a colaboración da sociedade a través das súas institucións resulta fundamental. Corríxome: fundamental non, imprescindible. Aos gobernantes, aos que están chamados a administrar o ben común, diríxome para lles demandar que non miren para outro lado, que unha sociedade que le é unha sociedade máis xusta, máis libre, máis civilizada. Sabémolo ben os que nos dedicamos á educación. Da mesma maneira que o esforzo institucional que se está a realizar cos centros educativos resulta exemplar – Planbe, axudas aos clubs de lectura,... –, o conxunto do sector precisa de moitos outros Planbes, e do aproveitamento dos lazos xenéticos co mundo luso-brasileiro para atinxir novos mercados internacionais.

A industria do automóbel conta en Galiza con 19.000 empregados, o 12% do PIB, e un apoio económico decidido por parte das administracións. O mundo do libro e o das industrias culturais en xeral, supoñen o 2% do produto interior bruto e 23.000 empregos directos. Segundo nos informa o

Observatorio da Cultura Galega, nos últimos seis anos perdéronse 10.000 empregos e precarizouse boa parte dos que manteñen o seu traballo na esfera da cultura. Se no ano 2009 había 141 millóns para o capítulo cultural nos orzamentos da Xunta, na actualidade son menos de 58, o que supón nada menos que unha baixa dun 60% en seis anos. É evidente que para levar adiante un proxecto cultural de país, para que o sector subsista e acometa a renovación da que antes falabamos, fan falta recursos. Non se pide deixar de apoiar a Citroën en Vigo, faltaría máis! Só se demanda un trato acorde co volume de persoas que traballan no ámbito económico da cultura, no que o libro é quizá o mellor exemplo. A cultura non aportará moito PIB ao conxunto do país, mais, para alén dun significativo número de postos de traballo, si que aporta iso, cultura, sabiduría, intelixencia, cohesión social, identidade, donicelas.

Cando asumamos de verdade que a cultura é algo máis que un adorno para días sinalados, cando por un libro se deixe de pagar o 21% de IVE por un libro electrónico, como un artigo de luxo (o maior de todos os Estados da Unión Europea), cando nesta sociedade deixe de haber taxas inadmisíbeis de paro e precariedade salarial, cando o libro deixe de ser considerado menos imprescindible que as dúas copas da fin de semana, poderemos mirar con optimismo para o futuro.

Juan José Millás, na súa novela *El orden alfabético*, debuxa o protagonista co delirio somnolento que lle provoca a febre, un neno que ve como os libros marchan das casas e das bibliotecas voando polas xanelas, e as letras desaparecen das páxinas dos libros, dos papeis, e desaparecendo dos papeis as palabras, as persoas deixan de recoñecer as cousas que con estas nomeaban.

Sr. Alcalde, Sr. Conselleiro de Educación e Cultura, autoridades todas: non permitamos que os libros marchen voando, que as palabras apodrezan e caian dos papeis, non esquezamos nunca o doce mentar das donicelas.

Non sei se dentro de media hora lembraredes algo do pouco ou moito que aquí dixen e estoicamente soportastes en educado silencio. Ficade só coa tautoloxía inicial. O libro sempre será o libro. Obremos todos en consecuencia.

Moi agradecido pola vosa paciencia.

Texto de Manuel Portas, Pregón Feira do Libro de Santiago, 1 de maio de 2015